

Estimado Alberto.

Nós, aos que vostede denomina “AER con maior presenza no Concello”, tamén nos amosamos sorprendidos. E **pensamos que vostede se equivocou**, como ben recoñece.

Se tanto lle indigna ese artigo do Faloderedondela, pois critique o artigo e critique aos seus autores, pero **non o empregue “torticeramente” e inxustamente para cargar contra AER; AER non é o Faloderedondela**. Vendo o seguimento que parece ter do Facebook de AER, podería ter observado que se publican moitas cousas procedentes de moitas fontes; e si, habitualmente enlazamos o que publica este medio, ao que parece eludir nomear. Resúltannos simpáticos, ¿que quere?. Non sempre estamos dacordo co que poñen, como ben sabe nin sequera tod@s compartimos a súa “proposta editorial”, pero aínda que non son “El Jueves”, moitas veces arríncannos un sorriso pola mañá, e outras veces dannos motivos para reflexionar e ir á pescuda de información alternativa aos medios tradicionais. No noso muro do Facebook enlazamos novas de moitos xornais e outros medios de “información” cos que non compartimos a liña editorial, medios que ningunean constantemente o traballo de AER e publican calquera mingalla que fan ou din os partidos políticos. Incluso enlazamos no noso muro as notas do PSOE, do BNG e do PP nas que minten ou nos poñen a caldo. Somos así, **non evitamos ningún debate nin ningunha información**. Incluso permitimos a entrada de moitos “trolls” que coñece ben, que entran a provocar e descalificarnos.

A sorpresa, vindo de vostede, é o arrebatado de dignidade que lle deu cando nese artigo (máis ben un pseudo-comentario irónico) onde di que se *“insinúa unha relación persoal”*. **En AER entendemos que ese artigo insinúa unha proximidade ou convivencia entre o goberno local e a empresa que xestiona a cultura do Concello, e non fala dunha proximidade sentimental**. Sr. Pazos, hai que ver o que lles afectan a vostedes os problemas do pecado cando “se insinúa” que son referentes á bragueta. Pode que, para sorpresa nosa, vostede se teña contaxiado coa mente quenturenta de moitos dos seus correlixionarios. Insinuación que adianta vostede sen ter en conta que, polo que parece, a susodita pode ser (máis ben é) unha das invitadas “persoalmente” para a concesión dun contrato que podería chegar máis alá do que lles corresponde como mandato. Iso non ten que ver coa bragueta, e ao mellor non lles ofende tanto. Tampouco que a mesma persoa siga a “traballar” para o Concello cando o contrato anterior coa empresa na que ela traballaba ten rematado hai uns meses. O que nos importa deste asunto é que aínda que preguntamos por rexistro, **descoñecemos os criterios para invitar a esas persoas para a xestión cultural**, tamén descoñecemos por que fixeron propostas distintas ás empresas que chamaron o ano pasado; xa que unha

das rexeitadas manifestounos que se souberan que o traballo ía ser de tantos meses, a oferta económica que farían ao Concello sería distinta.

Pero aproveita vostede que o Pisuerga pasa por Pucela para mandarnos uns recadiños:

- *Menos dialogantes, menos respectuosos e máis politizados.*
- *Tamén é certo que paréceme que derivaron a un uso torticeiro da información, ofrecéndoa de xeito sesgado e incompleto.*
- *Utilizan o mais noxento dos cotilleos para atacar a súa nova besta negra.*
- *Non dubidan en airear mentiras sobre a vida privada dunha traballadora.*
- *Insultos constantes, fallas de respecto, descalificacións gratuítas, e todo simplemente porque aquel que non coincide con AER é un mangante, un chourizo, un corrupto.*

¿Menos dialogantes e menos respectuosos?.

A nós, aos que denomina de AER con maior presenza no Concello, gustaríanos entender a que se refire cando fai esas afirmacións. ¿Cando renunciámos ao diálogo e cando faltamos ao respecto a algún dos seus compañeiros? ¿Falta de respecto non é dicirlle a Reguera que ten poucas luces ou que perdeu o norte? Diálogo é o que nós botamos de menos nos orzamentos do 2013 e nos dos 2014.

Sabemos que non lles gustou a viñeta do noso boletín sobre a cementeira e que tamén a consideran unha falta de respecto. Unha viñeta que é o que é, unha caricatura. Se vostede non soporta a liberdade de expresión e o humor satírico, non siga ascendendo na política, vaino pasar moi mal. Indigna a viñeta pero non indigna que unha empresa ilegal, contaminante e que vulnera os dereitos fundamentais dos veciños, siga funcionando a pesares do que ordenan varias sentenzas firmes. Curiosa sensibilidade.

Non ten vostede inconvinte e acusarnos de proceder con: *“Insultos constantes, fallas de respecto, descalificacións gratuítas, e todo simplemente porque aquel que non coincide con AER é un mangante, un chourizo, un corrupto.”* Certo é que algunha vez se lle quentou a boca a algún membro de AER, igual que a vostede, pero ¿“constantemente”? Non manipule facendo da excepción a regra.

Respecto de máis politizados, é imposible, estamos politizados ao máximo dende o principio. En todo caso, pode que se confunda con “partidizado”, pero esas son cousas dos que como vostede, militan e deben obediencia aos partidos, e pensan continuamente en intereses de partido, en termos de rendas partidistas, entendendo estas como captura de votos e votantes. Non manipule como é a súa especialidade, nós somos políticos e non o negamos nunca, do que renegamos é dos partidos convencionais como o seu e renegamos dos seus intereses de partido. Intereses de partido como os que lle fan poñerse en Redondela detrás dunha pancarta contra a

ampliación da ponte de Rande e despois defender na Xunta esta ampliación. Interese de partido e non interese da xente tamén é non facer algún pleno no Multiusos, como o da cuestión de confianza; onde moita xente quedou fóra do Concello. Curiosamente non foi o caso dalgúns “simpatizantes” do PP que tiñan asento asegurado. Incluso en moitos plenos onde hai xente de pé, certas persoas teñen sitio na alcaldía sen que traballen alí.

Que nos acuse de utilizar información de xeito sesgado e incompleto só nos merece un comentario: ¡Minte! Minte como cando falou das bases de selección no Programa Clara, minte como cando dixo que a Xunta non autorizara fumigacións... E dicimos que minte porque, comprobado que se informa de como vai por aquí a cousa, saberá que **seguimos na mesma liña. Primeiro información, toda canta podemos conseguir e despois opinamos ou publicamos.** ¿Cantas informacións nos rebateron?. **Nós tentamos dar sempre toda a información posible,** colgamos toda a información que recibimos: proxectos, sentenzas, escritos, estudos... Publicamos boletíns nos que tamén falamos da actividade e dos argumentos dos outros grupos, no noso muro pódese seguir tamén o “traballo” do PP, do BNG e do PSOE. **¿É isto habitual na política?** ¿Quen facilitou á xente o proxecto de recalificación de Vilavella? ¿Quen pide constantemente que se informe aos veciños? **Se algunha vez damos a información de xeito sesgado é pola cantidade de información que deixan de darnos coa intención de que nos esquezamos de determinados temas.** Pois non nos esquecemos e imos seguir. ¿Canto tempo se negou vostede a facilitarnos información sobre o Conservatorio? **¿Por qué tardou un mes en facilitarnos o contrato do Lolapop?** ¿Quen fai un uso sesgado da información?

Atacar a nosa nova besta negra?. Alberto, por favor, nin temos besta negra nin a persoa á que se refire ten tras de si tanto traballo coma para centrar nel ningún tipo de fixación. É certo que con demasiada frecuencia falta á verdade, pero como non lle facemos moito caso, recorreremos á información esa que non son quen de rebater. Por certo, ¿quen era a anterior besta negra?. Non falará de vostede. Aínda que si que teñen un perfil político parecido en canto ao uso de medias verdades, e máis dunha mentira.

“Airear mentiras sobre a vida privada dunha traballadora”. Primeiro, remitirse á súa mente quenturenta, e segundo: ¿traballadora ou empresaria? Porque cando se invita para asumir un servizo “cultural” para o Concello, deberíamos falar de empresa. Aspecto ese que non parece ter lido nesa reseña do Faloderedondela *“alto cargo da multinacional Pinklab”*, tamén cun toque de retransca. Pero vostede non tirou por este lado, tirou polo que a súa formación de bo cristián lle induciu: sexo e pecado. Seguro que se fose un home o acompañante, non tería entendido o mesmo. ¡Tanta misa con Rouco acaba derretendo os miolos!

Pode que teña unha pequena gran confusión entre o que é AER e as persoas que entran “NUN ESPAZO ABERTO DE OPINIÓN”, e considere que cantos opinan e/ou participan son de AER.

En fin, querido Alberto, tamén nós pensamos que era máis “sagaz”, porque co tempo que leva en política e a cantidade de coñecidos que ten por aí dentro, aínda agora se decata de que “non todos os políticos son iguais. Algúns son peores!!!”.

Un abrazo, Alberto, dos que denominas de AER con maior presenza no Concello.

P.D. Pola nosa parte, respecto da vida privada de cada quen, coma si fai un pandeiro. Nin somos nin queremos ser exemplo de moralinas trasnoitadas, e consecuentemente non somos quen de xulgar nin sinalar.